



13

### Un parque arqueolóxico

Aquí, no corazón do val medio do río Lérez, está o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro. Cunha extensión aproximada de 22 hectáreas, acolle preto de 100 penedos con gravados rupestres. A súa aparencia debe ser moi similar á que tivo no pasado: unha paisaxe aberta, salpicada de pequenos prados e bosques de carballos, salgueiros e piñeiros.

O percorrido polo Parque Arqueolóxico faise por tres espazos diferenciados. Iníciase cunha visita á exposición estable do Centro de Interpretación e Documentación, que ofrece a información necesaria para descubrir os **enigmas** agochados nos petróglifos e coñecer os modos de vida dos habitantes prehistóricos. Esta é unha preparación para pasar á segunda dimensión da visita: o paseo de tres quilómetros pola área arqueolóxica, onde se pode observar o conxunto de petróglifos no medio natural en que cobra sentido. Finalmente, chégase a un espazo que recrea un poboado da Idade de Bronce. Nel desenvólense actividades propias do modo de vida daquela época: **mangar** unha punta de frecha, tirar con arco, acender lume axudándose de pedras, elaborar un cesto ou unha vasilla de barro... E, se facemos o percorrido pola noite, poderemos visitar os petróglifos á luz das lanternas para apreciar ata o máis mínimo detalle do seu misterio.

### Un paseo polo pasado

Percorrer este espazo é penetrar, paso a paso, na historia dos nosos antepasados, facer unha longa viaxe no tempo sen máis máquina ca a nosa imaxinación. Unha ocasión única de observar, cos ollos do século XXI, a mesma montaña, o mesmo val, o mesmo río e as mesmas pedras que contemplaron e tocaron os homes e mulleres da prehistoria.



No interior do Centro de Interpretación un abano de sensacións, sonoras e visuais, fan que o visitante se interne no misterioso mundo dos nosos devanceiros prehistóricos.



Detalle dun petróglifo da Laxe dos Carballos.

**pintoresco:** que chama a atención, que sae fóra do común.

**exuberante:** moi abundante ou desenvolvida.

**zoomorfos:** que teñen forma de animais.

**sepulcros megalíticos:** sepulturas prehistóricas construídas con pedras de gran tamaño.

**enigmas:** ditos ou cousas difícil de comprender.

**mangar:** poñerle o mango a unha ferramenta.

### FICHEIRO ORTOGRÁFICO

Escrebe unha oración con cada unha destas palabras da lectura.

arqueolóxicos

hectáreas

gravados

191



191

